

# Asturgalicia Blog

Noticias de Asturias y Galicia

- [Asturias](#)
- [Cultura](#)
- [Deportes](#)
- [Economía](#)
- [Galicia](#)
- [General](#)
- [Occidente](#)
- [Pesca](#)
- [Sucesos](#)
- [Turismo](#)
- [Xacobeo](#)
- [Principado](#)
- [Xunta](#)
- [Campo](#)

« [Asturias se promociona en todo el mundo gracias a los viajes de la prensa internacional](#) | [Aumenta el paro en enero en 8.518 personas en Galicia y 4.809 en Asturias](#) »

## La Xunta presenta el proyecto 'Libro de Piedra', un paseo virtual por la catedral y la ciudad de Santiago

ROBERTO VARELA PRESENTA O PROXECTO 'LIBRO DE PEDRA', UN PASEO VIRTUAL POLA CATEDRAL E A CIDADE DE SANTIAGO

- O conselleiro de Cultura e Turismo asegurou que a iniciativa “reúne pasado e futuro nun mesmo espazo virtual coas máis modernas ferramentas, unindo a aposta polas novas tecnoloxías e os símbolos máximos da riqueza patrimonial do noso país”.
- O proxecto 'Libro de Pedra' permite a visualización da capital de Galicia e o seu monumento máis emblemático cun nivel de detalle sen precedentes a través de máis de 60.000 fotografías de alta resolución. A aplicación 'Mundo Peregrino Interactivo' é un modelo virtual que ofrece a experiencia de coñecer e percorrer os diferentes camiños a Santiago.

- Unha instalación museística presenta ademais un sistema multitáctil onde o usuario interactúa, a través das súas mans sobre a pantalla, cunha maqueta virtual tridimensional da Catedral compostelá.
- Esta iniciativa insírese dentro do proxecto europeo 'Loci Iacobi. Lugares de Santiago. Lieux de Saint Jacques', do que a Secretaría Xeral para o Turismo é xefe de fila. O seu obxectivo é o de investigación, promoción e dinamización turística e cultural vinculada ao Camiño de Santiago nos territorios socios (España, Francia e Portugal) como itinerario cultural de alto valor histórico.

Santiago, 1 de febreiro de 2011.- O conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, presentou esta mañá o paquete de aplicacións e contidos para a musealización virtual da Catedral de Santiago e dos lugares e monumentos que configuran o espazo xacobeo, iniciativa promovida pola Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, e desenvolvida polos equipos de Ilux Visual Technologies e o Grupo de Visualización Avanzada Videalab da Universidade da Coruña a través da Fundación da Enxeñería Civil de Galicia. O acto contou ademais coa participación da secretaria xeral para o Turismo, Carmen Pardo, e o deán da Catedral de Santiago, José María Díaz.

O proxecto Libro de Pedra consiste nun paseo virtual pola Catedral e a cidade de Santiago e se enmarca no proxecto europeo Loci Iacobi. Lugares de Santiago. Lieux de Saint Jacques de revitalización do Camiño en Galicia, Francia e Portugal. O conselleiro de Cultura e Turismo cualificou este proxecto como “unha iniciativa que xunta pasado e futuro nun mesmo espazo virtual coas máis modernas ferramentas, unindo a aposta polas novas tecnoloxías e os símbolos máximos da riqueza patrimonial do noso país”.

Segundo Roberto Varela, Libro de Pedra achéganos a posibilidade “de contemplar a Catedral de Santiago e a cidade vella de Compostela dunha forma ben distinta e con maior precisión que nunca, porque pódese ler ata o máis mínimo detalle as pedras que conforman Santiago”. O conselleiro subliñou a importancia deste feito “no ano no que celebramos o Octavo Centenario da consagración da Catedral que, sen dúbida, volverá a ser centro universal das miradas neste 2011”.

Respecto ao proxecto europeo Loci Iacobi, o conselleiro de Cultura e Turismo asegurou que responde á “experiencia común da construción histórica do Camiño de Santiago” e destacou a importancia “dos veciños Francia e Portugal como pobos máis unidos por historia, xeografía e tradición aos

Camiños que conducen a Compostela”. Roberto Varela destacou que a través da iniciativa Loci Iacobi “renóvanse estes vínculos xacobeos mediante a investigación, a promoción e a dinamización turística do Camiño de Santiago”.

O responsable de Cultura destacou a importancia destes proxectos europeos xa que “para fornecer a madurez dun fenómeno como o Xacobeo faise necesario crear sinerxías e fomentar o intercambio de coñecementos e vivencias entre territorios”. Varela situou o obxectivo deste traballo en común no pulo do Xacobeo “como elemento de cohesión europea e eixe vertebrador cultural e turístico”.

#### Máis de 60.000 fotografías

A aplicación Libro de Pedra é unha ferramenta web que utiliza as novas tecnoloxías para amosar cun nivel de detalle sen precedentes a capital de Galicia e o seu monumento máis emblemático. A aplicación permite ademais coñecer en profundidade a historia da Catedral, consagrada polo rei Alfonso IX o 21 de abril de 1211. En Libro de Pedra a innovación tecnolóxica ponse ao servizo da cultura e o patrimonio histórico nun proxecto para o que se realizaron máis de 60.000 fotografías de alta resolución. Pódese acceder dende calquera parte de mundo a esta aplicación a través do seguinte enderezo web: <http://www.turgalicia.es/librodepetra>

O interior da Catedral pode visualizarse dende calquera punto de vista a través de imaxes totalmente inmersivas. A través desta aplicación, o usuario pode desprazarse dende calquera parte do mundo ao interior da basílica. O Museo catedralicio tamén se pode visualizar a través de imaxes esféricas que permitirán ao usuario internarse en todas as súas estancias. As imaxes panorámicas que se ofrecen de Santiago cobren a totalidade da cidade dende diferentes puntos de vista. A riqueza das prazas e rúas do casco histórico tamén pode admirarse con especial relevancia a través de imaxes en 360 graos.

#### Mundo Peregrino Interactivo Multitáctil

Trátase dun modelo virtual tridimensional dedicado a Santiago como centro de peregrinación, acercando ao usuario á experiencia de coñecer e percorrer os diferentes Camiños, só ou en compañía doutros usuarios, que comparten o mesmo espazo virtual como avatares. Esta ferramenta consta dunha área de benvida e aprendizaxe para novos usuarios, sete áreas expositivas específicas referente aos diferentes camiños e unha área central dedicada á Catedral. Para poder acceder, o usuario debe rexistrarse na súa páxina web, onde descargar a aplicación cliente coa que se conectará ao servidor de mundo

virtual e seleccionar o seu nome e modelo de avatar. Esta aplicación está dispoñible na seguinte ligazón:  
<http://www.turgalicia.es/mundoperegrino>

#### Visualización 3D interactiva da Catedral

O proxecto inclúe unha instalación museística baseada nun sistema multitáctil onde o usuario interactúa, a través das súas mans sobre a pantalla, cunha maqueta virtual tridimensional da Catedral accedendo ao mesmo tempo a información específica de cada elemento relevante do conxunto. Nunha primeira achega o usuario accede á contorna e o casco antigo da cidade en tres dimensións, situándoa xeograficamente como centro onde converxen diferentes camiños de peregrinación.

A través da interfaz o visitante pode interactuar coas súas mans cun modelo virtual da Catedral de Santiago, podendo explorar e analizar mediante diferentes procedementos como achegamentos, encadres, xiros e seccións por calquera plano en tempo real.

#### Cooperación europea

Esta iniciativa insírese dentro do proxecto europeo Loci Iacobi. Lugares de Santiago, Lieux de Saint Jacques, do que a Secretaría Xeral para o Turismo é xefe de fila. O seu obxectivo é o de investigación, promoción e dinamización turística e cultural vinculada ao Camiño de Santiago nos territorios socios (España, Francia e Portugal) como itinerario cultural de alto valor histórico.

Outro dos obxectivos deste proxecto para os tres socios integrantes – Secretaría Xeral para o Turismo, Baixo Alentejo de Portugal e Auvergne en Francia – responde tamén á necesidade de apoiar a diversificación da economía aproveitando os recursos culturais e naturais para ofertar un produto turístico singular: o Camiño de Santiago en Portugal e Francia como nexo de unión entre os pobos. O proxecto conta co apoio da Unión Europea a través do Programa Operativo de Cooperación Transnacional no Espazo Sudoe 2007-2013.

**Comparte esta noticia:**    [Correo electrónico](#)

[Imprimir](#)    [Facebook](#)    [Digg](#)    [StumbleUpon](#)

[Reddit](#)

Posted on Miércoles, febrero 2nd, 2011 at 13:07 in [General](#) | [RSS feed](#) | [Respond](#) | [Trackback URL](#)

Etiquetas: [galicia](#), [xunta](#), [cultura](#), [turismo](#), [coruña](#), [Santiago](#), [catedral](#), [virtual](#), [museo](#), [jacobeo](#), [compostela](#), [fotografías](#), [proyecto](#), [conselleiro](#), [España](#), [caminos](#), [portugal](#), [francia](#), [nuevas tecnologías](#), [web](#), [prensa](#), [modelo](#), [universidad](#), [secretaría xeral](#), [roberto](#), [varela](#), [ciudad](#), [noticia](#), [espacio](#), [periodicos](#), [noticias](#), [pantalla](#), [últimas noticias](#), [última hora](#), [noticias](#), [noticias hoy](#), [noticias 24](#), [libro de pedra](#), [libro de piedra](#), [paseo virtual](#), [mundo peregrino interactivo](#), [jacobeos](#), [museística](#), [multitáctil](#), [maqueta](#), [tridimensional](#), [loci iacobi](#), [lugares de santiago](#), [lieux de saint jacques](#), [videalab](#)

Like One blogger likes this post.



## Deja un comentario

Tu dirección de correo electrónico no será publicada. Los campos necesarios están marcados \*

Nombre \*

Correo electrónico \*

Web

### Comentario

Puedes usar las siguientes etiquetas y atributos HTML:

```
<a href="" title=""> <abbr title="">  
<acronym title=""> <b> <blockquote cite="">  
<cite> <code> <pre> <del datetime=""> <em>  
<i> <q cite=""> <strike> <strong>
```

Publicar comentario

**Recibir siguientes comentarios por correo.**

**Recibir nuevas entradas por email.**

## Tags

[112 accidente](#) [asturias](#) [bomberos](#) [centro](#) [civil](#) [conselleria](#)  
[coruña](#) [cultura](#) [economia](#) [educación](#) [emergencias](#) [España](#)  
[galicia](#) [gallego](#) [general](#) [gijón](#) [gobierno](#) [grupo](#) [guardia](#)  
[hombre](#) [hospital](#) [infraestructuras](#) [lugo](#) [ministerio](#) [nacional](#) [noticias](#)  
[occidente](#) [ourense](#) [oviedo](#) [personas](#) [plan](#) [policia](#) [Pontevedra](#)  
[presidente](#) [principado](#) [Santiago](#) [servicio](#) [servicios](#)  
[suceso](#) [sucesos](#) [tráfico](#) [turismo](#) [Vigo](#) [Xunta](#)

## Enlaces

 [RSS - Posts](#)

 [RSS - Comments](#)

## Suscripción por correo electrónico

Escribe tu dirección de correo electrónico para suscribirte a este blog, y recibir notificaciones de nuevos mensajes por correo.

## Posts Más Vistos

- [Fallece el empresario gallego Roberto Tojeiro, creador del grupo de distribución Gadisa y de la planta de Reganosa en Mugar dos](#)
- [Tres heridos en un accidente en Langreo entre un camión pequeño, un turismo, y un vehículo todoterreno](#)
- [Muere un marinero peruano al caer al mar en Avilés](#)
- [Arranca la feria gastronómica Xantar 2011 en Ourense](#)

- [Portos de Galicia rebaja las tasas a los puertos para revitalizarlos](#)
- [La Xunta presenta el proyecto 'Libro de Piedra', un paseo virtual por la catedral y la ciudad de Santiago](#)
- [Fallece un transportista al caer su camión al Sil desde un puente de Quiroga](#)
- [Incendio en una casa de indianos del municipio de Las Regueras](#)
- [Una 'vaca loca' enloquece en Turón y hiere a cuatro personas](#)
- [Beatriz González Loroño, designada gerente de la Fundación Cidade da Cultura de Galicia](#)

## febrero 2011

L	M	X	J	V	S	D
	<a href="#">1</a>	<a href="#">2</a>	<a href="#">3</a>	<a href="#">4</a>	5	6
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28						
<a href="#">« ene</a>						

[Blog de WordPress.com.](#) | Theme: [Under the Influence](#) by [spaceperson.](#)

»